

*PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
PARA O CURSO 2023-2024*

*DEPARTAMENTO DE
CIENCIAS SOCIAIS,
XEOGRAFÍA E HISTORIA*

EPAPU SANTA MARÍA DE CARANZA

FERROL

ÍNDICE

	Páx.
0. INTRODUCCIÓN.....	4
1. MEMBROS DO DEPARTAMENTO.....	5
2. A EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS.....	6
3. ESA. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	7
COMPETENCIAS CHAVE	
PROPOSTAS DIDÁCTICAS	
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
OBXECTIVOS XERAIS	
ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS	
TEMPORALIZACIÓN	
MÍNIMOS ESIXIBLES	
MATERIAIS E RECURSOS	
PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE REFORZO	
RECUPERACIÓN DE PENDENTES	
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	
<i>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN</i>	
4. BACHARELATO. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	24

0. INTRODUCCIÓN

Na realización desta Programación baseámonos no *Decreto 86/2015*, de 25 de xuño, así como nas Normativas expresadas nas *Circulares 6/2015* para a ESA.¹ Pero sobre todo nas Directrices sinaladas polo **Departamento da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Servizo de Xestión Económica e Educación de Adultos** no que respecta a *Actividades, Recursos Formativos, Materiais, Bibliografía*, etc. que especificamente se aplican en cada curso. A maiores tamén tivemos en conta as experiencias de aula contidas nas anteriores didácticas².

Por último baseámonos na Resolución do 26 de maio de 2022 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación secundaria obrigatoria no curso académico 2022-2023³.

Temos que sinalar que neste curso que comeza, o Departamento recomendou os seguintes libros de texto para os cursos de Bacharelato: Xeografía (2º BAC, Anaya), de Historia (1º e 2º BAC, Santillana) e Historia da Arte (2º BAC, Santillana)⁴.

¹ DOG, nº 142 e DOG nº 144, cap V, pp. 33.883-33.884

² Temos que expresar aquí que na realización da Programación dos novos contidos da ESA para o Ámbito Social participamos a profesora M^a del Carmen Souto Figueroa e o profesor Juan A. Carneiro Rey (EPAPU Santa María de Caranza, Ferrol), xunto co profesor Fco. Javier Peteiro (EPAPU Río Lérez, Pontevedra).

³ DOG n.º 117. Luns, 20 de xuño de 2022.

⁴ Noutra orde de cousas, desde este Departamento queremos expresar a nosa satisfacción pola recuperación da materia de *Historia de Galicia*, de 2º de Bacharelato, enmarcada nesta nova xeira na de *Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia*, que fora eliminada do currículo no curso 2016-2017.

1. MEMBROS DO DEPARTAMENTO

- D^a M^a Carmen Souto Figueroa. Imparte no Bacharelato, modalidade semipresencial, as materias de *Historia do Mundo Contemporáneo* (1^o curso), e *Historia da Arte* (2^o curso). Tamén imparte na ESA semipresencial o *módulo 4* (grupos B,C). Dende o curso 2015-2016 exerce o cargo directivo de Xefa de Estudos.
- D. Félix Esclusa González, profesor de Filosofía, imparte na ESA semipresencial o *Ámbito de Sociedade* nos *Módulos 1* (grupo B), *2* (grupo B) e *3* (grupos B,C).
- D. Juan A. Carneiro Rey, imparte de forma semipresencial en 2^o curso de Bacharelato as materias de *Historia de España*, (grupos A, B), de *Xeografía*, (grupo B) e de *Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia* (grupos A, B) Ademais é profesor no ámbito de Sociedade nos *Módulos 1-2 e 3-4* da ESA presencial. Así mesmo exerce como Xefe de Departamento.

2. A EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS⁵

CONSIDERACIÓNS XERAIS

O currículo de Educación Secundaria para persoas adultas aparece organizado en tres ámbitos de coñecemento, cada un deles desenvolvido en catro módulos (Módulo 1 e 2 do Nivel I, e Módulos 3 e 4 do Nivel II) con carácter cuadrimestral; en cada un deles hai dous bloques de contidos, divididos á súa vez en catro unidades didácticas.

Correspóndelle a este Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia programar e impartir o Ámbito Social nos seus niveis I e II. (Circular 6/2015. Decreto 86/2015. DOG 25 de xuño de 2015)

Estes módulos de contidos teñen carácter interdisciplinar, xa que con eles se traballan contidos e procedementos dos ámbitos de Xeografía, Historia, Educación para a cidadanía, educación plástica e visual e de música, secuenciados de forma progresiva e integrada.

A educación secundaria de adultos desenvólvese en tres ou catro sesións lectivas para a modalidade presencial, e nunha hora semanal presencial e outras actividades de seguimento que terán carácter non presencial, para o alumnado que escolla a modalidade semipresencial. Así as cousas, aínda que os contidos curriculares sexan os mesmos para as dúas modalidades de ensino, e cada unidade didáctica estea pensada para desenvolverse nun mes de clases, será diferente a periodización de cada unha, adicándose na ESA semipresencial un total de catro ou cinco titorías presenciais por cada unidade didáctica, mentres que na ESA presencial contarán cun total de 12 períodos lectivos (Modulo 1 e 2) ou de 16 períodos lectivos (Modulo 3 e 4).

A presente programación trata conxuntamente, para ambas modalidades, os obxectivos xerais, as orientacións metodolóxicas, os contidos dos bloques de coñecemento e os criterios de avaliación dos mesmos, abordando de xeito específico para cada módulo e modalidade os mínimos esixibles, os criterios de cualificación e as actividades de reforzo. A temporalización e o emprego de materiais didácticos específicos, é dicir, as unidades didácticas, están xa recollidas de maneira oficial nas

⁵ Vid. Nota 2.

circulares de comenzo de curso. Adxúntase a esta programación un cadro sinóptico da súa temporalización.

3. ESA: PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

COMPETENCIAS CHAVE

O Ámbito Social ten como finalidade que o alumnado perciba, interprete e describa adecuadamente o mundo actual, para participar á vez que configura valores persoais e cívicos valiosos. O logro deste fin leva a progresiva adquisición de habilidades para acceder á información e realizar unha elaboración persoal do coñecemento, observar a realidade, adoptar criterios válidos para a toma de decisións, desenvolverse con autonomía e iniciativa persoal e interactuar positivamente cos demais, mostrando actitudes de responsabilidade e respecto que contribúan a mellorar a súa calidade de vida e o benestar colectivo. Contribúe ao entendemento que todo iso require o coñecemento do espazo onde se desenvolven as sociedades así como a comprensión da sociedade, a súa organización e funcionamento ao longo do tempo.

As achegas do Ámbito Social á adquisición das competencias clave da aprendizaxe ao longo da vida son:

- Comunicación lingüística (CCL)

A aprendizaxe deste Ámbito Social require a interacción social, a interpretación e expresión da concepción do mundo, para o que é esencial o desenvolvemento da competencia lingüística. O alumno adquire coñecementos sobre a organización e o funcionamento da sociedade na que vive á vez que se familiariza con diferentes estilos comunicativos formais. A consecución dos estándares de aprendizaxe propostos require a práctica de distintas destrezas adquiridas ao longo da vida mediante o uso da lingua, que implican o manexo de diferentes modalidades de comunicación e o acceso a múltiples soportes de información, con textos en varios formatos, nos que se empregan diversas linguaxes e sistemas de representación, tendo sempre presente que a linguaxe é un instrumento humano básico porque permite razoar.

- *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)*

O desenvolvemento do Ámbito Social contribúe á adquisición da competencia matemática xa que o alumnado aplica procesos de razoamento lóxico para comprender o funcionamento básico do sistema económico e político actual, e ao elaborar plans de acción que permitan alcanzar obxectivos persoais e profesionais e mellorar a calidade de vida. Ademais, fomenta a capacidade crítica e a aptitude apropiada para a elaboración de xuízos fundados ao abordar problemas cotiáns.

Tanto a interpretación de acontecementos e fenómenos como a experimentación no ámbito das ciencias sociais implican a comprensión e o manexo do sistema numérico, a realización de cálculos, a estimación e o cálculo de magnitudes, a situación no espazo, o tratamento e a representación da información e a valoración do azar e da probabilidade. Necesitan a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos nos seus respectivos contextos, demostrando os resultados matemáticos e valorando as solucións pola súa fiabilidade e veracidade. Así mesmo, favorecen o incremento de destrezas para abordar a incerteza, o tratamento dos datos e os razoamentos cualitativos e cuantitativos de maneira lóxica e argumentada para establecer relacións, para deducir conclusións coherentes ben fundamentadas a problemas cotiáns e para ampliar actitudes relacionadas coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia, como a conservación de recursos naturais e outras cuestión ambientais. Todo iso contribúe ao desenvolvemento das capacidades necesarias para xerar coñecemento intrínseco ao método de investigación das Ciencias Sociais.

- *Competencia dixital (CD)*

O estudo das Ciencias Sociais implica necesariamente o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación e, por tanto, leva o incremento das habilidades de procura, selección e recompilación de información e desenvolver unha actitude crítica para analizar e interpretar a validez e fiabilidade do contido, co fin de resolver problemas, avaliar novas fontes de información e motivar a curiosidade polo coñecemento. Ademais, este Ámbito Social contribúe á ampliación de capacidades comprendidas na competencia dixital para seleccionar os soportes máis apropiados para

observar, elaborar hipóteses, informarse, experimentar, liquidar todo tipo de problemas, executar as tarefas técnicas adecuadamente e elaborar conclusións ben fundamentadas. Propón aprendizaxes mediante o uso dos diferentes recursos da tecnoloxías da información e a comunicación de maneira responsable, fiable e segura, tanto para resolver problemas como para producir novos contidos e comunicalos.

- Aprender a aprender (CAA)

A metodoloxía didáctica propia do ensino deste Ámbito Social prepara para formarse permanentemente ao longo da vida mediante propostas que permiten ao alumnado aprender a observar e exporse cuestións sobre a realidade, a informarse, a estudar, a realizar unha elaboración persoal do coñecemento, a reflexionar e a responder as cuestións que se expoñen na súa vida cotiá. Todo iso esperta a curiosidade, incrementa a motivación para incorporar novos coñecementos e facilita a execución de estratexias metacognitivas para unha aprendizaxe autónoma eficiente.

Desenvolver proxectos específicos das ciencias sociais coadxuva a conseguir un nivel relevante en autonomía e eficacia da propia aprendizaxe, ao que se chega mediante traballos individuais e grupais. A formación en diferentes áreas do saber científico require un proceso introspectivo para valorar e relacionar os intereses e coñecementos previos con novos saberes e empregar todas as estratexias de estudo e traballo aprendidas: escoita activa, lectura, comprensión, análise, síntese, estruturación da información, elaboración persoal do saber, aplicación do coñecemento, etc.

- Competencias sociais e cívicas (CSC)

A análise e a reflexión sobre os contidos do Ámbito Social contribúen a afianzar a capacidade de identificar, interpretar, apreciar e axuizar acontecementos, feitos, fenómenos, comportamentos, hábitos e valores para interactuar socialmente mediante o diálogo, a cooperación e a participación a nivel local, nacional e europeo. Implican a toma de decisións ben fundamentadas e argumentadas para a comprensión e expresión de diferentes puntos de vista. Potencian actitudes inspiradas no exercicio da liberdade, o respecto, a tolerancia, a igualdade e a non discriminación. Deste xeito, a persoa prepárase para participar na actividade social e cívica, de acordo a valores socialmente establecidos, e axúdaselle a tomar conciencia democrática.

- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

As tarefas necesarias para dar sentido aos contidos do Ámbito Social fomentan a capacidade de transformar ideas en actos, partindo de habilidades e destrezas persoais, ao incluír estratexias metacognitivas e procedementos que dotan ás persoas adultas de recursos para desenvolverse adecuadamente e afrontar de maneira autónoma retos persoais, sociais, académicos e laborais de moi diversa índole. Consecuentemente, promóvense aptitudes para aproveitar a información, desenvolver ideas, resolver problemas e presentar conclusións innovadoras.

Por outra banda, potencian a capacidade de análise, pensamento crítico, resolución de problemas e toma de decisións do individuo, ao propoñer a interpretación e a análise crítica da información, coñecementos e acontecementos relacionados coas ciencias sociais. Deste xeito favorécese o aumento da capacidade requirida para afrontar a incerteza, deseñar e poñer en práctica plans de acción eficaces, propoñendo e argumentando solucións a diferentes problemas cotiáns, económicos e sociais, con autonomía e iniciativa persoais.

- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A persoa enriquece a súa competencia cultural ao coñecer, comprender, interpretar e gozar o labor humano, abordándoa como obxecto de estudo e como fonte de inspiración de creacións artísticas. A intervención humana na natureza e a cultura dos pobos pónense de manifesto na arte cos propósitos de informar, educar, crear e recrearse. A tecnoloxía é un constituínte esencial da cultura actual, e por iso, desempeña un papel fundamental como obxecto de estudo e representación e como instrumento de creación artística.

Este Ámbito Social realiza achegas importantes á competencia en conciencia e expresións culturais ao propoñer a reflexión e a posta en práctica de actitudes de respecto, aceptación e goce das diferentes manifestacións culturais e artísticas, valorando a liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural e o diálogo entre culturas e sociedades, pasadas e actuais, locais e universais, cun espírito aberto, positivo e solidario.

CONTIDOS

Os contidos do Ámbito social contribúen ao coñecemento do medio físico, dos espazos humanos, ao desenvolvemento da ciencia e a tecnoloxía, ao funcionamento económico e á evolución histórica da humanidade. Tratan saberes de diversas disciplinas: xeografía, historia, socioloxía, demografía, economía, ecoloxía, arte, arqueoloxía, etc. Procuran favorecer a comprensión dos acontecementos e os fenómenos sociais no contexto no que se producen, a análise dos procesos que dan lugar aos cambios históricos e á reflexión sobre experiencias colectivas de todos os tempos ata a actualidade cunha visión de futuro. Axudan a ter unha visión clara da importancia do comportamento económico, individual e colectivo das persoas na busca da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e organización dos bens e servizos e a distribución dos recursos.

PROPOSTAS DIDÁCTICAS

As propostas didácticas para o ensino e a aprendizaxe deste Ámbito Social han de enfocarse a dotar á persoa de ferramentas que lle permitan levar a bo termo proxectos persoais e profesionais, individuais e colectivos, similares aos posibles retos presentes e futuros da súa vida diaria. En todo momento débese ter presente o compoñente social do proceso de aprendizaxe e deberán aproveitarse todas as oportunidades para formar ao individuo en aptitudes de cooperación e de comunicación con persoas da súa contorna, que favorezan a adquisición de condutas asertivas e colaborativas.

Así mesmo, é necesario que se expoñan proxectos que contribúan a que o alumnado desenvolva unha imaxe axustada de si mesmo e do contorno no que se desenvolve, identifique necesidades e intereses propios e alleos e satisfágaos, pense e acometa plans persoais, académicos e laborais. As tarefas e as actividades contidas nos proxectos presentarán exercicios de reflexión, que potencien procesos de pensamento complexos e a análise de feitos e situacións, para detectar causas, implicacións e consecuencias.

Deben facilitarse instrucións para aprender a observar, recoñecer, examinar, analizar, discernir, considerar, estudar, sintetizar, expresar, explicar, representar e expoñer de maneira coherente emocións, pensamentos, experiencias e ideas. Ter en conta as instrucións axudará ao alumno para ser máis capaz de atender, concentrarse,

autorregularse, escoitar activamente, empregar a linguaxe interna, meditar, deliberar, especular, cooperar e axuizar para resolver problemas reais. Os procesos emprenderanse empregando servizos e recursos humanos e materiais, ao alcance do alumno na súa vida cotiá a través da oferta de entidades, institucións e administracións públicas e privadas.

As tecnoloxías da información e a comunicación, usadas como ferramentas de traballo nos procesos de aprendizaxe, serán fundamentais para facilitar ao alumnado o acceso ao currículo e a resolución de problemas de aprendizaxe. Doutra banda, as novas tecnoloxías constituiranse en contidos esenciais dos proxectos polo seu importante destacada na sociedade actual.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os estándares de aprendizaxe propoñen comprender, interpretar textos e comunicar, mediante unha linguaxe multimodal en diferentes sistemas de representación, o coñecemento académico e científico procesado e elaborado, destacando aspectos básicos da comunicación, a exposición, o diálogo e a argumentación. Especifican accións clave do proceso de elaboración persoal do coñecemento e a investigación, tales como observar, analizar, diferenciar, estruturar, coñecer, describir, sintetizar, investigar, relacionar, asociar, cuestionarse, explicar, interpretar, deducir, demostrar, etc. Inclúen o uso responsable e eficaz das novas tecnoloxías para buscar e xestionar información, empregar técnicas de estudo e traballo, resolver problemas e aplicar o coñecemento. O seu logro implica a mellora do benestar individual do alumno e achegas importantes ao ben común porque leva a actuacións responsables e ao xuízo crítico baseado en valores positivos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación están formulados de maneira que permitan valorar o grao de consecución de cada unha das competencias en relación aos contidos do Ámbito Social. Teñen o propósito de guiar a análise das posibilidades que ten cada alumno e alumna para coñecer, comprender e interactuar dun modo positivo, para si mesmo/a e para os demais, co mundo social. Isto implica: actuar con autonomía e responsabilidade; comprender, interpretar e describir o mundo e valoralo; ser consciente do impacto da evolución histórica no mundo actual; asociar eventos coas súas causas e consecuencias;

utilizar os recursos máis habituais para buscar información e resolver problemas; tomar conciencia e comprender os valores implícitos no benestar individual e colectivo, comprometerse e participar nas contornas próximas e afastadas de acordo con devanditos valores.

OBXECTIVOS XERAIS

O ensino deste ámbito terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- Recoñecerse como membro da condición humana na súa dimensión individual e social, aceptando a propia identidade, as características e experiencias persoais, respectando as diferenzas cos outros e desenvolvendo a expresión axeitada dos sentimentos, as emocións e a autoestima.
- Desenvolver as habilidades comunicativas e sociais que permiten participar con iniciativa propia nas actividades de grupo e na vida social en xeral, con actitude solidaria e tolerante, utilizando o diálogo e a mediación para abordar os conflitos.
- Coñecer o funcionamento das sociedades democráticas, especialmente da sociedade galega, española e europea, favorecendo a toma de conciencia dos seus valores básicos así como os dereitos e liberdades fundamentais das persoas como unha meta irrenunciábel para acadar a xustiza persoal e social.
- Identificar, explicar e valorar os feitos económicos, políticos, sociais e culturais, e a importancia das mentalidades, ao longo do devir das distintas sociedades humanas, utilizando este coñecemento para entender mellor as características e os problemas actuais e a súa proxección de futuro, así como o papel que mulleres e homes desenvolven nelas.
- Identificar, localizar e analizar os elementos básicos que caracterizan o medio físico, de Galicia, España, Europa e o Mundo, as relacións que se dan entre eles e as que as sociedades humanas establecen na utilización do espazo e dos seus recursos, comprendendo que o espazo xeográfico actual é o resultado da interacción das sociedades sobre o medio en que se desenvolven.
- Coñecer e valorar o patrimonio natural, histórico, lingüístico, cultural e artístico, a escala mundial, estatal e galega, co fin de respectalo, protexelo, desfrutalo e transmitilo ás xeracións vindeiras.

- Comprender a diversidade cultural e étnica das nosas sociedades como unha consecuencia do fenómeno da globalización, valorando esta diversidade como unha oportunidade para expresar actitudes de respecto e tolerancia cara ás outras mentalidades, formas de vida e códigos éticos que non coinciden cos nosos, sempre que non atenten contra a dignidade humana, e sen que isto implique renunciar a xuízos sobre eles.
- Buscar, comprender, seleccionar e relacionar información verbal, gráfica, icónica, estatística e cartográfica, procedente de diversas fontes, incluída a que proporciona o contorno físico e social, os medios de comunicación e as tecnoloxías da información e a comunicación, tratala de maneira autónoma e crítica co fin que se persegue e comunicala de forma organizada, coherente e intelixible.
- Participar na organización e realización de actividades en diversos contextos, favorecendo o diálogo, a colaboración e a participación, sendo consciente do enriquecemento que se produce coas propias achegas e as dos demais.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

As persoas adultas, cando chegan ao centro educativo, dispoñen dunha gran cantidade de información e de experiencias sobre o mundo que as rodea. Constantemente reciben información e valoracións sobre a vida en sociedade, a través dos medios de comunicación, dos seus líderes sociais e políticos, da interacción cos seus iguais. Termos como historia, identidade, nación, Estado, constitución, emigración, etc. son manexados constantemente, en moitos casos cunha gran carga emotiva.

Por outra banda, ao longo da súa propia traxectoria vital, as persoas adultas experimentan os aspectos positivos e negativos da vida en sociedade, e coñecen o significado de realidades como conflito, discusión, diálogo, influencia, poder social ou violencia.

O ámbito social, dentro da educación secundaria para persoas adultas, é un marco privilexiado para a posta en cuestión e discusión de todas esas informacións e saberes, actitudes, experiencias e valores que o adulto leva como bagaxe inseparable da súa propia vida.

As características, as necesidades, os intereses e as motivacións das persoas adultas, á hora de acceder á oferta educativa, difiren das do resto do alumnado. Se

engadimos a isto a amplitude e diversidade das situacións individuais, as diferenzas socioculturais, de condicións laborais, da calidade das experiencias e expectativas académicas e, incluso, o tempo dispoñible para dedicarse ás tarefas educativas, podemos comprender a complexidade dos referentes que debemos considerar á hora de tomar decisións no ámbito da educación para as persoas adultas.

Por iso, cando se planifique o ensino neste contexto, haberá que partir dunha análise das maneiras ou medios metodolóxicos xerais máis adecuados, atendendo á tipoloxía do alumnado, partindo das experiencias previas con que accede ao sistema educativo, respectando os procesos evolutivos da vida adulta, así como os ritmos e estilos de aprendizaxe individuais.

A metodoloxía utilizada nas ensinanzas do ámbito social da educación secundaria para persoas adultas debe ter como horizonte o desenvolvemento de aprendizaxes significativas no alumnado. Unha das características máis relevantes das aprendizaxes significativas é a súa permanencia, porque establece un elevado número de relacións entre o novo coñecemento adquirido e a estrutura cognitiva do alumno. Esta, no caso da persoa adulta, está moi ancorada nunhas experiencias máis ricas e complexas cás dun adolescente. Isto implica que, nas persoas adultas, e moi especialmente no ámbito social, existen máis posibilidades de establecer relacións entre o novo coñecemento e os esquemas mentais que elas posúen.

Os enfoques globalizadores favorecen a motivación e a riqueza dos significados que conforman os esquemas cognitivos. Esta concepción metodolóxica baséase no principio de que toda actitude de ensino-aprendizaxe debe partir dunha situación próxima á realidade, neste caso da persoa adulta, e que esta situación debe resultarlle interesante e crearlle a necesidade de formular cuestións e problemas a que lles debe dar resposta. Para isto, cómpre utilizar instrumentos conceptuais e técnicos que proveñan das distintas disciplinas, pero a súa presentación aos alumnos adultos debe vir xustificada desde o achegamento a temas dunha realidade que coñecen, que desexan analizar e comprender, e na cal poidan intervir.

En calquera caso, debe recordarse que arestora o máis próximo na experiencia non é necesariamente o que espacialmente temos a carón de nós, e que realidades espacialmente distantes nos son familiares pola súa presenza recorrente no cine e nos medios de comunicación audiovisuais.

O estudo dos contidos procedentes da xeografía e da historia debe ser integrador e globalizador, xa que o seu obxectivo básico é o coñecemento da realidade social. O estudo da interacción do home co seu medio debe ter un enfoque ecoxeográfico, que considere as múltiples variables-naturais e humanas que conforman un espazo e, ademais, atenda o dinamismo interno de cada variable e das súas interaccións.

A paisaxe, como unidade espacial de análise ecoxeográfica, ten especial relevancia e permite abordar o estudo dos problemas a que a xeografía debe dar resposta.

O estudo da historia permítelle ao alumno adulto ter unha visión multicausal do proceso histórico, como algo evolutivo que condiciona e determina o presente. É necesario o estudo dos suxeitos históricos silenciados como as mulleres, a clase obreira, os pobres... dándolle o protagonismo que lles corresponde.

Ao mesmo tempo, débese abordar o estudo do noso patrimonio cultural material e inmaterial como un conxunto herdado e construído colectivamente a través do tempo e do espazo. De aí que se entrelacen os planos do patrimonio cultural, histórico, artístico e ambiental, establecendo interaccións mutuas. O estudo dos fenómenos sociais debe insistir permanentemente na diferenza entre a realidade deses fenómenos e as interpretacións que recibimos deles a través de todo tipo de fontes, favorecendo así o relativismo das interpretacións sociais e o respecto polas posturas diferentes e evitando o maniqueísmo.

Deberase desenvolver unha metodoloxía que compare o inmediato co afastado, o propio co alleo, o máis concreto co máis abstracto, expresando así a importancia que no currículo debe concederse á xeografía, á historia e á cultura de Galicia.

A educación para a cidadanía en persoas adultas debe transmitir e poñer en práctica valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, e que axude a superar calquera tipo de discriminación. Deste xeito contribuirán á implicación do alumnado na vida social, como cidadás e cidadáns que posúen a información precisa e sexan conscientes das súas obrigas e responsabilidades.

O coñecemento social adquirese a partir das fontes orais, textuais e materiais, da indagación e da utilización e busca da información, non debe esquecerse, á hora de introducir contados metodolóxicos, a importancia de saber interpretar fontes de diversa

tipoloxía, a comprensión da multicausalidade e a intencionalidade na interpretación dos procesos, o uso adecuado da información e o manexo da documentación.

Se a motivación é clave en todo proceso de aprendizaxe, na educación das persoas adultas adquire unha relevancia especial. As actividades deberán ter sentido para elas, ser funcionais e vehicular aprendizaxes que poden ser transferidas á práctica no mundo que as rodea, de xeito que lles vexan utilidade patente. Esta é imprescindible para evitar o abandono antes de completar o proceso de aprendizaxe, de aí a importancia de desenvolver, nas persoas adultas, capacidades e habilidades encamiñadas á superación, con éxito, das dificultades con que se poden atopar no seu contorno persoal, sociocultural e laboral, reforzando así a súa autoestima. A educación das persoas adultas debe favorecer, ademais, os procesos en que estas aprendan a aprender.

É moi importante que, canto antes, se responsabilicen do seu proceso de aprendizaxe. Unha metodoloxía que teña en conta tales aspectos favorecerá, polo tanto, que o alumnado poida deseñar os seus obxectivos de aprendizaxe, e que identifique as tarefas máis adecuadas para o seu estilo e ritmo de aprendizaxe, contribuindo á súa superación persoal. A implicación activa das persoas adultas nos procesos de formación só é posible se se senten partícipes deles, é dicir, se están implicadas en todo o proceso educativo. Así, o papel fundamental do profesorado consiste principalmente en facilitar o proceso de ensinanza aprendizaxe máis que en transmitir coñecementos. Isto constitúe un dos principios básicos da educación das persoas adultas.

Toda proposta metodolóxica debe considerar que a educación é un proceso social polo que se lle transmite ao alumnado unha determinada cultura, xa que todas as sociedades transmiten explicitamente, mediante a educación, os seus costumes e modos de pensamento. Pero debido aos continuos e rápidos cambios sociais, científicos e tecnolóxicos da sociedade de principios do século XXI, a sociedade en que vivimos desenvólvese nun contexto multicultural; de aí a necesidade de que a educación das persoas adultas deba abordarse desde unha perspectiva intercultural, aínda que sen renunciar á identidade orixinal de cada un.

Polo tanto, as liñas metodolóxicas terán en conta a gran diversidade das realidades de cadaquén, serán abertas á participación e promoverán actitudes tanto críticas e de diálogo, como investigadoras e creativas que permitan abrir vías de relación entre persoas que proceden de contornos cun patrimonio cultural propio, favorecer a

integración da información dentro dos seus esquemas cognitivos e promover a autoaprendizaxe.

TEMPORALIZACIÓN

O currículo da educación secundaria para persoas adultas organízase en tres ámbitos de coñecemento: ámbito de comunicación, ámbito científico-tecnolóxico e ámbito social. Cada un dos ámbitos de coñecemento desenvólvese en catro módulos de carácter cuadrimestral, e cada un dos módulos en dous bloques de contido. Nos ámbitos de comunicación e social, cada unidade está pensada para desenvolverse nun mes de clases. Polo tanto, cada módulo cuadrimestral supón catro unidades didácticas.

Neste curso utilizaremos materiais novos publicados pola Consellería de educación, específicos para adultos. Este material ten un carácter orientativo, cuxa adecuación e utilidade deben ser contrastadas na práctica.

Adxuntamos cadro explicativo:

MÓDULO	BLOQUE	UNIDADE	ESA SEMIPRESENCIAL	ESA PRESENCIAL
Módulo 1	1.Medio xeográfico e poboación.	1.O medio natural: a Terra, os continentes e os océanos	1 mes (4 ou 5 titorías presenciais) cada unha das unidades	12 períodos lectivos cada unha das unidades
		2. Demografía e población.		
	2.A actividade económica e a industria da cultura	3.A actividade económica das sociedades.		
		4.A globalización e a industria da cultura		
Módulo 2	1.Espazo xeográfico e	5. A democracia	1 mes (4 ou 5 titorías presenciais) cada unha	12 períodos lectivos cada
		6. A organización		

	democracia	política.	das unidades	unha das unidades
	2.O mundo global e a interculturalidade.	7.Un mundo global		
		8.A interculturalidade.		
Módulo 3	1.Das sociedades prehistóricas á introdución da industria	9. A humanidade en evolución: dunha economía depredadora ao mundo feudal.	1 mes (4 ou 5 titorías presenciais) cada unha das unidades	16 períodos lectivos cada unha das unidades
		10. A Europa do Antigo Réxime		
	2.Un século de revolucións: da Marsellesa a Internacional.	11.Transformacións económicas e sociais no século XIX.		
		12. Un século de revolucións: da Marsellesa á Internacional		
Módulo 4	1. O século XX e os comezos do terceiro milenio	13. A época das grandes tensións internacionais,1890-1940	1 mes (4 ou 5 titorías presenciais) cada unha das unidades	16 períodos lectivos cada unha das unidades.
		14. A fin do segundo milenio e os comezos do terceiro milenio		
	2. Dereitos e deberes dos cidadáns e das	15. España en democracia.		

	ciudadás	16.Os dereitos e os deberes dos cidadáns e das ciudadás.		
--	----------	--	--	--

MÍNIMOS ESIXIBLES

Respecto ós contidos de **Historia**:

- Coñecer os principais procesos e acontecementos da Prehistoria, Historia Antiga, Medieval, Moderna e do mundo contemporáneo, situándoos no espazo e no tempo.
- Comprender o significado de termos e conceptos históricos.
- Buscar, seleccionar e interpretar información procedente de fontes diversas (documentos, mapas, gráficas, representacións iconográficas, prensa...)

- Respecto ós contidos de **Xeografía**:

- Aprender a situarse na superficie da Terra (coordenadas xeográficas, escalas ...)
- Situar espacialmente elementos xeográficos (ríos, montes...).
- Coñecer e distinguir os climas do mundo e as súas características xerais relacionándoos coa vexetación.
- Coñecer e aplicar os conceptos elementais da Xeografía Humana e Económica
- Coñecer e localizar as Comunidades Autónomas de España.

MATERIAIS E RECURSOS

Utilizaranse en primeiro lugar os materiais propostos pola Consellería: Unidades Didácticas para a ESA, que se inaugurarán neste curso. Ditas Unidades están publicadas na páxina web da Consellería para este tipo de ensino. A maiores utilizaranse os materiais da biblioteca deste Departamento, onde existen recursos básicos como :

- ATLAS XEOGRÁFICOS.
- DICIONARIOS DE LINGUA GALEGA E CASTELÁ.

- DICCIONARIOS DE TERMOS XEOGRÁFICOS, HCOS E ARTÍSTICOS.
- RECURSOS VISUAIS: MAPAS MURAIIS, etc.
- RECURSOS AUDIOVISUAIS (CD E DV, FILMS, etc.)

Con frecuencia empregaranse os recursos da Biblioteca do Centro para traballos específicos propostos polo profesorado; ademais procurarase iniciar ó alumnado no uso da Internet na aula de Informática, fomentando así tamén o uso das TICs.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN DE PENDENTES

Entendemos como “Pendentes” os ámbitos de sociedade dos módulos 1 e 3 non avaliados positivamente no primeiro cuadrimestre no réxime da ESA PRESENCIAL, e para posibilitar a súa recuperación o profesorado que impartiu eses niveis ten, dentro do seu horario lectivo, unha hora semanal de reforzo na que se abordará a consecución dos contidos mínimos da materia cunha serie de exercicios específicos. Non obstante, e toda vez que a asistencia a esta hora de clases sexa voluntaria, fixarase para aqueles/as alumnos/-as que o demanden un traballo de repaso e exercicios que realizarán pola súa conta, co fin de preparamos para o exame extraordinario do mes de Maio.

O alumnado da ESA SEMIPRESENCIAL utilizará a titoría individual como apoio, na que o profesor/a informará o alumnado do traballo necesario para superar positivamente a proba escrita.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

O Departamento de CC.SS. Xeografía e Historia ten por costume elaborar unha serie de actividades ao longo do Curso. A maiores tamén nos sumamos a iniciativas didácticas presentadas por outros Departamentos do Centro. Sinalamos as seguintes:

- Para unha mellor comprensión das características de estilos artísticos que se mencionan no programa do Módulo 3 (Románico, Barroco, Neoclásico, etc., o alumnado realizará saídas e visitas ós restos patrimoniais e museos da zona. Temos previsto estudar e realizar a visitas a lugares patrimoniais próximos de interese: Santa

Catalina de Montefaro, S. Martiño do Couto, Barrio da Magdalena, Museo Naval, concatedral de S. Xulián ...

- Actividades programadas na cidade pola Fundación Abanca, Centro Torrente Ballester, Museo Naval e todas aquelas que poidan xurdir ao longo do curso, de ser interesantes para o mellor aprendizaxe dos coñecementos abordados nas áreas de Xeografía ou de Historia.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O Departamento de CC.SS. Xeografía e Historia terá en conta as probas escritas, a actitude cara a materia (interese, participación...) e os traballos propostos polo profesor/a co obxectivo de motivar ao alumnado cara ó aprendizaxe.

Diferenciamos estes criterios segundo a modalidade cursada.

- **E.S.A. SEMIPRESENCIAL.**

O alumnado que curse este tipo de ensino será avaliado a través de dúas probas obxectivas, (probas bimensuais, segundo a circular 5/2010), que se realizarán nas datas confirmadas pola Xefatura de Estudos, xa fixadas polas direccións dos centros EPAPU de Galicia a principios do curso para este ano académico 2023-2024, **dentro de cada cuadrimestre**. Na primeira das probas examinaranse das dúas primeiras unidades didácticas, e na segunda das dúas restantes. O alumnado terá dereito a unha proba de recuperación no caso de non ser avaliado positivamente.

A proba escrita constará de preguntas de amplo desenvolvemento, así como de cuestións de resposta breve e cuestións tipo test. **O alumnado, en caso de non superar positivamente a proba cuadrimestal, terá dereito a un exame de recuperación dentro dese cuadrimestre.**

E.S.A. PRESENCIAL.

Nos *Módulos 1 e 2* , o alumnado terá que realizar as probas que o profesor estime convenientes. Obterá o 80% da nota de probas específicas e o 20% restante da realización do traballo de clase.

Nos *Módulos 3 e 4* o alumnado terá que realizar as probas que o profesor estime convenientes. A suma das notas obtidas suporá a calificación final. En caso de non alcanzar a cualificación de aprobado, terá dereito a un exame ordinario de recuperación sobre contidos mínimos de toda a materia. Terase en conta a actitude (interés, aprendizaxe, atención na aula, etc) e aptitude (coñecementos...) do alumnado ao longo do curso, así como o traballo, presentación do caderno...

O alumnado que non supere positivamente as probas durante o curso poderá presentarse ás convocatorias extraordinarias de maio e/ou setembro.

4. BACHARELATO PARA AS PERSOAS ADULTAS

MODALIDADE SEMIPRESENCIAL

No presente curso impartiranse nesta modalidade as materias de 1º de BAC., *HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO*, e de 2º de BAC., *HISTORIA DE ESPAÑA*, *XEOGRAFÍA*, *HISTORIA DA ARTE* e *XEOGRAFÍA*, *HISTORIA*, *ARTE E PATRIMONIO DE GALICIA*, para as que o alumnado seguirá empregando os libros de texto especificados na *Introdución* ao inicio desta Programación e máis as guías de traballo asociadas a eles, material do cal o/a alumno/a dispón nun CD, e que ademais está publicado na Aula Virtual da páxina web do centro.

Abordamos estas ensinanzas cunha hora lectiva semanal (titoría presencial obrigatoria) e unha titoría de orientación tamén semanal que será voluntaria e orientativa para o alumnado en cada unha das materias.

Realizaranse tres avaliacións ao longo do curso e, coincidindo coa última farase a avaliación final. Ademais o alumnado avaliado non positivamente poderá presentarse á proba extraordinaria de setembro. Nesta programación especifícanse os contidos de referencia do currículo que serán obxecto de cada avaliación, así como os contidos mínimos que deben superar para ser avaliados positivamente nas respectivas asignaturas e as actividades de reforzo e recuperación.

A presente proposta curricular responde ao modelo da programación didáctica para as materias do Bacharelato especificadas anteriormente e correspondentes a 1º e 2º curso, organizadas segundo os criterios definidos pola Consellería de Educación no Decreto 157/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia⁶.

A elaboración deste curso baséase preceptivamente na Programación Didáctica a través da aplicación PROENS. Como tal irá anexa nunha carpeta xunto cos demais cursos impartidos por este Departamento.

⁶ DOG n.º 183. Luns, 26 de setembro de 2022.

D. Félix Esclusa González

D.^a M^a Carmen Souto Figueroa

D. Juan A. Carneiro Rey